


COMO SE TRAMITA A TÚA PRESTACIÓN ECONÓMICA DERIVADA DUN ERTE DE FORZA MAIOR INICIADO COMO CONSECUENCIA DO COVID-19?

A tramitación destas prestacións ten un réxime extraordinario deseñado para que exista unha única canle de comunicación ante a administración, e así reducir trámites e axilizar o seu recoñecemento e pagamento. Se queres coñecer como se tramitan estas prestacións, [estes son os pasos](#):

1 SOLICITUDE DO ERTE

A empresa interesada inicia a tramitación do ERTE ante a autoridade laboral correspondente.

No caso de Galicia, será a Secretaría Xeral de Emprego da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia, a través do procedemento **TR820C** da Sede Electrónica.



2 SOLICITUDE AO SERVICIO PÚBLICO DE EMPLEO ESTATAL (SEPE)

A empresa terá 5 días hábiles para solicitar, en nome das persoas traballadoras, as prestacións derivadas do ERTE, empregando para iso o formulario excel dispoñible [neste enlace](#), que terá que enviar á dirección provincial do SEPE que corresponda ao centro de traballo, a través do rexistro electrónico común das administracións públicas (**Red SARA**). **No dito formulario deberá incluír necesariamente o número de expediente que lle asigne a autoridade laboral.**

Igualmente deberá remitir, como é habitual e preceptivo, os certificados de empresa correspondentes a través da aplicación **Certific@2**.


3

AUTORIZACIÓN DO ERTE

Se a empresa cumpre as condicións esixidas, a autoridade laboral **constatará a forza maior, autorizará o ERTE** e comunicará a súa resolución á empresa solicitante e ao SEPE (Ministerio de Trabajo y Economía Social).



4



SEPE →

RECOÑEMENTO DA PRESTACIÓN

Coa información remitida pola empresa, o SEPE recoñece a prestación de cada unha das persoas traballadoras afectadas.

Para iso, o persoal do SEPE e do Servizo Público de Emprego de Galicia (Emprego Galicia) traballarán en coordinación e colaboración, co obxectivo de garantir un recoñecemento case inmediato, e sen esixir máis trámites das persoas interesadas que, no seu caso, completar datos de interese de xeito telefónico.




So para o caso de que nunca estiveses inscrita/o como demandante de emprego en Galicia, podes axilizar os trámites empregando o novo formulario web de **alta inicial** dispoñible **neste enlace**.

5

PAGAMENTO DA PRESTACIÓN

Unha vez recoñecida, o SEPE (Ministerio de Trabajo y Economía Social) tramitará o pagamento da prestación, mediante o abono na conta da entidade financeira indicada na solicitude da empresa, para cada persoa interesada.



SEPE →



LEMBRA QUE...

As oficinas de emprego están pechadas ao público, pero continúan traballando para ti resolvendo as túas dúbidas e realizando os trámites que necesites. Consulta todas as medidas adoptadas para as persoas demandantes **neste enlace**.